



# **BASES DO CONCURSO DO CARTEL DE CORPUS 2024**

## **OBXECTO**

O concello de Ponteareas a través da Concellería de Turismo, coa finalidade de involucrar a persoas individuais ou colectivos no deseño do cartel da Festa de Corpus 2024 convoca o presente concurso de deseño de carteis co obxecto de elixir e adquirir o cartel oficial da Festa do Corpus.

## **PROCEDEMENTO**

O concurso realizarase por selección de xurado e regularase polas seguintes bases:

### **PRIMEIRA.- Participantes**

O Concurso será aberto e nel poderá participar calquera persoa física, individual ou en equipo, maiores de 18 anos, cun máximo dunha obra de creación propia, orixinal e inédita de técnica libre. Non poderán participar no concurso as persoas que estean incursas nalgunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiarias ou beneficiarios establecida no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

### **SEGUNDA.- Temática e formato**

Todos os carteis deberán estar relacionados coa festividade do Corpus Christi e as *Alfombras de Flores* que se realizan en Ponteareas con motivo desta festividade, e a temática estará relacionada coa xente, materiais, trazados, deseños, etc...

O tamaño dos carteis que se presenten será en A3 e sobre un soporte ríxido.

### **TERCEIRA.- Presentación de propostas**

O prazo de inscrición comeza ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e finalizará de vinte (20) días naturais despois.

As bases poderán consultarse na páxina web municipal ([www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal)) e nas redes sociais (facebook de cultura e turismo Ponteareas).



Os traballos entregaranse no rexistro de entrada do Concello de Ponteareas (Xardíns da Xiralda-36860 Ponteareas) de luns a venres, en horario de 9 a 14h Para garantir o anonimato, os concursantes deberán absterse de asinar as obras que presenten, que designarán baixo un lema/seudónimo.

A autoría do cartel non poderá facerse pública en ningún momento ata rematar o proceso de selección. Conxuntamente co cartel onde unicamente figurará na parte posterior en letras lexibles o lema/seudónimo, entregarase un sobre pechado onde constará o nome e apelidos da persoa ou persoas autoras, fotocopia do DNI, domicilio, teléfono, dirección de enderezo electrónico, e unha declaración asinada indicando que a obra presentada é orixinal e inédita. No exterior do sobre aparecerá en letras maiúsculas o mesmo lema/seudónimo que figure na obra presentada, sen constar alusión algunha que permita identificar a persoa ou persoas concursantes, sendo causa de exclusión do concurso o incumprimento desta norma.

Unha vez finalizado o fallo do Xurado, abriase o sobre onde aparecen os datos do autor ou autora e os sobres dos restantes participantes. O Concello de Ponteareas resérvase a propiedade de todos os traballos presentados durante un ano e a súa publicación total ou parcial así como a súa exposición pública.

#### **CUARTA.- Xurado e Criterios de valoración**

O xurado estará integrado por seis membros composto por:

- Como presidente o Tenente de Alcaldesa e Concelleiro de Cultura, Juan Carlos González Carrera.
- Como secretario /a -con voz e sen voto- unha traballadora do Departamento de cultura.
- Catro persoas relacionadas co mundo das Belas Artes (deseñadores, artistas, alfombristas, etc)

<b>CRITERIOS DE SELECCIÓN E VALORACIÓN</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
TEMÁTICA E RELACIÓN COA VILA DE PONTEAREAS E A FESTA DO CORPUS	30 PUNTOS
MELLOR DESEÑO GRÁFICO	30 PUNTOS
CALIDADE TÉCNICA	20 PUNTOS
CALIDADE ARTÍSTICA	20 PUNTOS
IMPACTO VISUAL	30 PUNTOS
CREATIVIDADE	20 PUNTOS
ORIXINALIDADE NO DESEÑO	20 PUNTOS

#### **QUINTA.- Fallo do xurado e Premio**



O xurado emitirá o seu fallo no prazo máximo dun mes dende o remate do prazo de presentación de traballos que se fará público na web <http://ponteareas.gal/> e nos medios de comunicación e difusión, e a súa decisión será inapelable.

O concurso dotarase dun único premio de mil euros (1.000,00€). Segundo a normativa vixente, os premios estarán suxeitos á correspondente retribución tributaria, agás nos casos que corresponda exención.

Unha vez emitido o fallo do xurado, notificarase ao gañador do concurso tal condición. Así mesmo, notificarase aos demais concursantes o resultado do concurso

O cartel que reciba o premio quedará en poder do Concello de Ponteareas. A propiedade intelectual do traballo gañador corresponderá ó/a autor/a, non obstante a concesión do premio levará consigo sobre o traballo gañador a cesión exclusiva e gratuíta en favor do Concello de Ponteareas de todos os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación por calquera modalidade, medio ou formato, incluídos os audiovisuais, os informáticos, os multimedia e os telemáticos.

O Concello de Ponteareas poderá exercer os seus dereitos libremente, sen limitacións de tipo temporal ou territorial, sen que en ningún caso sexa necesaria a autorización do autor, que non terá dereito a ningún tipo de remuneración, percepción, participación, compensación nin indemnización por razón de ese exercicio nin da cesión de dereitos.

Queda autorizado expresamente o Concello de Ponteareas para divulgar o traballo gañador na forma e polos medios que considere máis oportunos e poderá exercer os seus dereitos sobre un fragmento ou parte do traballo, podendo adaptalo se fose necesario.

## **SEXTA .- Difusión**

O gañador/a do concurso entregará tamén unha copia do cartel en formato dixital e incluírá os diferentes logotipos facilitados polo Concello de Ponteareas, e se é o caso das entidades patrocinadoras.

O cartel gañador e máis unha selección dos mellores traballos presentados realizada polo xurado, quedarán temporalmente en poder do Departamento de Cultura coa finalidade de realizar unha exposición, si así se considera, coincidindo coa festividade de Corpus Christi.

Unha vez rematada a exposición serán devoltos aqueles que sexan solicitados polos seus autores. Os autores responsabilizaranse



totalmente de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas.

### **SÉTIMA. Obrigas tributarias**

Non poderá realizarse o pagamento mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Ponteareas e outras entidades públicas, si fose o caso.

### **OITAVA. Aceptación das bases**

A participación no Concurso implica a total aceptación das presentes bases. A súa interpretación corresponde exclusivamente ao xurado, o cal poderá deixar deserto o premio establecido. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

No caso de que ningún cartel cumpra cos requisitos mínimos establecidos, o xurado queda facultado para propoñer as modificacións que considere oportunas no cartel que seleccione.

### **NOVENA: Protección de datos**

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.E REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS INTERESE PÚBLICO E O ART. 8 Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais)

*Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?*  
Concello de Ponteareas [P3604200]]. Dirección Postal: Xardíns da Xiralda s/n. Ponteareas. 36860 Pontevedra. Teléfono: 986640000. Correo electrónico: [info@ponteareas.gal](mailto:info@ponteareas.gal) Correo postal: Rexistro Xeral. Xardíns da Xiralda s/n. Ponteareas. 36860 Pontevedra

Delegado de Protección de Datos. Datos de contacto: [dpd@ponteareas.gal](mailto:dpd@ponteareas.gal)

*Con que finalidade tratamos os seus datos?* Nesta Entidade tratamos a información obtida coa finalidade de poder tramitar os procedemento que regula os PREMIOS E AXUDAS DO CONCURSO DE CARTEL DE CORPUS 2024.

*Por canto tempo conservaremos os seus datos?* Almacenamos os datos durante o tempo necesario para poder cumprir coa tramitación deste procedemento, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. De conformidade co



regulado no artigo 26 da Lei 3/2018 (LOPD-GDD) será lícito o tratamento por esta Entidade dos datos con fins de arquivo en interese público, sempre cumprindo coa normativa vixente de arquivos e documentación.

*Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais? A base legal para o tratamento dos seus datos é o seu consentimento coa solicitude de participación.*

A que destinatarios comunicaranse os seus datos? Os datos comunicaranse a outras Administracións Públicas sempre que sexa necesario para cumprir con fins relacionados coas competencias legais das administracións.

*Cales son os seus dereitos en relación cos datos facilitados? Calquera persoa ten \*\*dereito a obter información \*\*sobre se nesta Entidade se están tratando os seus datos persoais ou non. As persoas interesadas teñen \*\*dereito a acceder \*\*aos seus datos persoais, ao prazo de conservación dos seus datos, mesmo a obter una copia dos datos obxecto do tratamento. Así mesmo, ten \*\*dereito de rectificación \*\*dos datos se son inexactos. (Por exemplo, pode solicitar una rectificación do seu domicilio, un cambio de nome, etc.). Os interesados teñen \*\*dereito á limitación do tratamento, \*\*para iso deberán de solicitalo ao responsable, o cal deberá de suspender o tratamento dos datos cando os cidadáns soliciten a rectificación ou supresión dos seus datos, ata que se resolva a súa solicitude. Os interesados poderán exercer o \*\*dereito de supresión \*\*(dereito ao esquecemento) sempre que se dean as circunstancias enumeradas no RGPD e segundo o regulado no artigo 15 da LOPD-GDD. O afectado pode exercer o \*\*dereito de oposición \*\*ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa súa situación persoal, coa excepción do que se acredite un interese lexítimo, ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. Igualmente, cando o tratamento teña por obxecto a mercadotécnica directa. O interesado terá \*\*dereito á portabilidade \*\*a obter os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e a transmitirlos a outro responsable do tratamento cando o tratamento estea baseado no consentimento ou se efectúe por medios automatizados*

Os interesados poderán exercer os dereitos enumerados nos parágrafos anteriores, a través dos formularios dispoñibles na sede electrónica desta entidade ou remitindo á mesma un escrito por correo postal.





Cando podo exercer o dereito de reclamación ante a Autoridade de Control? Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

